

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DE VILANOVA DE AROUSA, PONTECESURES, CATOIRA E VALGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "MAR DE SANTIAGO"

Vilanova de Arousa, 17 de marzo de 2021

REUNIDOS

D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

D. Gonzalo Duran Hermida alcalde do **Concello de Vilanova de Arousa**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. Juan Manuel Vidal Seage, alcalde do **Concello de Pontecesures**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. Alberto García García, alcalde do **Concello de Catoira**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. José M^a Bello Maneiro, o alcalde do **Concello de Valga**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- Que o obxectivo da actuación é a elaboración dun Plan de activación turística e marketing dixital de Turismo que integre as novas realidades e retos do sector no modelo turístico dos concellos baixo a marca "Mar de Santiago", definindo estratexias e os programas de actuación que necesitan para alcanzar os obxectivos de calidade turística sustentable.

Os obxectivos específicos, para o desenvolvemento do obxectivo principal do proxecto son:

- a) Dispoñer dun coñecemento actualizado da situación do turismo dos concellos baixo marca "Mar de Santiago"
- b) Determinar as estratexias de desenvolvemento Turístico contorna ás estratexias de produto que se definan: o camiño de Santiago, o turismo rural, relixioso, gastronómico, paisaxístico...
- c) Definir os programas de actuación necesarios para alcanzar os obxectivos claramente definidos, cun plan de acción con concreción, viable e asumible que abarque temas de infraestruturas, marca, comunicación, desenvolvemento de produto, servizos, optimación de recursos en termos de madurez e potencialidade turística

d) Dotar a “Mar de Santiago” dun documento estratéxico para a canalización de partners institucionais que axuden a afianzar a marca como un multidestino estratéxico para a zona, a provincia, o Camiño de Santiago e Galicia

Quinto.- Que o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación, indica que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público colaborar na elaboración deste plan de activación turística froito da alianza de catro destinos turísticos sobre unha marca turística paraugas que lle dea sentido e un novo impulso ao desenvolvemento turístico da zona combinando as vantaxes e o posicionamento do destino coas oportunidades que brinda o mercado cun enfoque fundamentado nos seguintes principios estratéxicos: Diferenciación fronte a destinos competidores, complementariedade no deseño da oferta, diversificación incrementando o actual portafolio de produtos turísticos dos concellos que forman a marca “Mar de Santiago” e sostenibilidade, o equilibrio entre oferta e demanda, a activación e implicación da poboación local co desenvolvemento da actividade turística e impulso turístico con intelixencia de mercado, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, co que se pretende a súa posta en valor turístico e a súa potenciación.

As entidades asinantes encomendan ao concello de Vilanova de Arousa á execución das actuacións obxecto do presente convenio, de modo que será este concello o encargado de realizar todas as accións oportunas para a xustificación e cobramento da subvención outorgada a través do presente convenio de colaboración.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos de Vilanova de Arousa, Pontecesures, Catoira e Valga para a subvención da elaboración e execución de accións específicas do Plan de activación turística e marketing dixital “Mar de Santiago”

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento da zona como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a **cento cincuenta e un mil douscentos cincuenta euros 151.250 €** (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

ACCIÓN	IMPORTE €
Presentacións públicas do plan e reunións sectoriais	6.300,00
Plan de activación turística para o impulso do proxecto Mar de Santiago e diagnóstico de potencialidades para a creación do produto turístico para a marca	12.900,00
Creación da figura de Embaixador do Mar de Santiago	5.800,00
Desenvolvemento do portal turístico web Mar de Santiago	8.000,00
Material Gráfico: fotografías, audioguías	6.000,00
Traducións	6.000,00
Vídeo Promocional	8.300,00
Publicidade e promoción en medios locais, rexionais, nacionais e outros soportes publicitarios	14.800,00
Plan de promoción e asistencia a feiras	14.500,00
Gabinete prensa	9.000,00
Creación, xestión y mantemento da estratexia dixital Mar de Santiago: social media, community manager para redes sociais, estratexia e redacción de contidos no blog, SEO (posicionamento) e monitorización SEM	12.000,00
Impresión do material de promoción incluíndo imprenta, deseño, redacción, ilustración, maquetación de material promocional: mapas, flyer e guía.	14.900,00
Seguimento e control de calidade do proxecto	6.500,00
TOTAL	125.000,00
IVE (21%)	26.250,00
TOTAL CON IVE	151.250,00

A **Axencia Turismo de Galicia** achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, **cento vinte e un mil douscentos cincuenta euros (121.250,00€)**, que se imputarán á aplicación 05.A2.761A.760.1, na que existe crédito adecuado e suficiente.

O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será aportado polos **Concellos de Vilanova de Arousa, Pontecesures, Catoira e Valga** que realizarán unha achega total de **trinta mil euros (30.000,00€)**, financiada con fondos propios dos seus orzamentos, a partes iguais.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención, unha vez que o concello de Vilanova de Arousa, ao abeiro do disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Compromisos das partes

1. Os Concellos de Vilanova de Arousa, Pontecesures, Catoira e Valga, a través do Concello de Vilanova de Arousa, asumen os seguintes compromisos:

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.



- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.

- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno a, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento de subvención e polo importe establecidos na cláusula segunda.

Cuarta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as





accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sexta.- Xustificación dos investimentos. Gastos subvencionables

1. O Concello de Vilanova de Arousa, entidade encargada, segundo se sinala no citado artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de executar as actuacións obxecto do presente convenio, e segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida**.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Deberán presentarse declaracións responsables e/ou certificados por cada un dos outros concellos beneficiarios da subvención de:

- Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o **1 de novembro de 2021**.



A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención proporcionalmente á contía xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención".

7. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e, de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2021.**

Sétima.- Pagamentos anticipados

De acordo co artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o concello de Vilanova de Arousa queda exonerado da constitución de garantía

Oitava.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Novena.- Modificación do convenio e causas de resolución.

1. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Catedral de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

1. En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

2. Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.


Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021.


Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade asinan o presente convenio na data e lugar indicado no encabezado.

Pola Axencia Turismo de Galicia
O presidente




Alfonso Rueda Valenzuela

Polo concello de Pontecesures
O alcalde



Juan Manuel Vidal Seage

Polo concello de Valga
O alcalde




José Mª Bello Maneiro

Polo concello de Vilanova de Arousa
O alcalde



Gonzalo Duran Hermida

Polo concello de Catoira
O alcalde



Alberto García García